


OS NÚMEROS ROMANOS



Os números romanos escríbense combinando as letras I, V, X, L, C, D e M (en maiúscula), seguindo unhas regras.

REGRA DA SUMA

Unha letra escrita á dereita de outra de igual ou menor valor, súmalle a esta o seu valor.

$$XI \rightarrow 10 + 1 = 11$$

$$CLI \rightarrow 100 + 50 + 1 = 151$$

REGRA DA RESTA

As letras I, X e C, escritas á esquerda de cada unha das dúas letras de maior valor que a seguen, réstanlle o seu valor.

$$IV \rightarrow 5 - 1 = 4$$

$$XL \rightarrow 50 - 10 = 40$$

REGRA DA REPETICIÓN

As letras I, X, C e M, poden repetirse tres veces como máximo. As letras V, L e D non poden repetirse.

$$III \rightarrow 1 + 1 + 1 = 3$$

$$CCC \rightarrow 100 + 100 + 100 = 300$$

REGRA DA MULTIPLICACIÓN

Unha raia enriba dunha letra ou grupo de letras multiplica o seu valor por mil. Empregase para números maiores que 4.000.

$$\overline{V} \rightarrow 5 \times 1000 = 5.000$$

$$\overline{XI} \rightarrow 11 \times 1000 = 11.000$$